



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n CP 15320 Teléf.981453116 REL 01150709 CIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Expte. núm. 2023/C005/000004

Ref.: SLR

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN: PROCEDEMENTO ABERTO, TRAMITACIÓN SIMPLIFICADA, DO CONTRATO FINANCIADO CON CARGO AO FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL (FCA 2023) “SUBMINISTRACIÓN DUNHA CUBA TÁNDEM 16.000 LITROS EN ACEIRO INOXIDÁBEL CON ACCESORIOS PARA PROTECCIÓN DO MEDIOAMBIENTE” PARA O CONCELLO DAS PONTES (FCA 2023).

O día 19/09/2023, ás 09:00 horas, réunese a Mesa de contratación para tratar os asuntos contidos na convocatoria realizada o día 18/09/2023. A sesión celébrase a distancia a través do sistema de videoconferencia e a asistencia dos membros realízase mediante comparecencia electrónica, por conexión ao portal web meet.google.com; identidade da sesión: bzm-dgcz-nwx, en consonancia co expresado no acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/01/2019 no que se establece o uso de medios electrónicos nas mesas de contratación do Concello das Pontes de García Rodríguez.

PRESIDENTE

José Manuel Cabarcos Anca, técnico de administración xeral do concello

VOGAIS

Marina Núñez Orjales, secretaria da corporación.

Cristina Morán Monzo, interventora da corporación.

Álvaro Luis Santodomingo González, tesoureiro do concello.

Manuel Souto López, técnico medio de xestión.

SECRETARIA

Sandra López Rodríguez, administrativa do departamento de contratación do concello

O presidente verifica a existencia do preceptivo quórum de constitución e funcionamento establecido no artigo 21.7 do Real Decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público (RD 817/2009), e declara a Mesa validamente constituída.

A continuación, pasa a coñecerse dos asuntos incluídos na Orde do Día:

-Aprobación da acta da sesión anterior

O presidente dá conta da acta da sesión anterior, para os efectos da súa aprobación. A Mesa acorda, por unanimidade, aprobar a dita acta.

-Acto de apertura oferta criterios cuantificables automaticamente (art. 159).

- Acto de valoración oferta criterios cuantificables automaticamente (art. 159).

Nesta licitación presentan oferta dous licitadores dentro do prazo previsto para a presentación de proposicións.

A continuación, iníciase a apertura das ofertas económicas. A oferta presentada pola empresa licitadora é a seguinte:

Nome do contrato: Subministración dunha cuba tándem 16.000l en aceiro inoxidable con accesorios para a protección do medioambiente (FCA 2023)

Prezo de licitación: 65 674,47€ (sen IVE)

Límite oferta anormal ou desproporcionada: 62 676,55 €



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n CP 15320 Teléf.981453116 REL. 01150709 CIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Expte. núm. 2023/C005/000004

Ref.: SLR

Nº	Licitador	Oferta económica	Baixa (%)	Puntuación Oferta económica (max 80 pts)	Ampliación prazo garantía (máx 20 pts)	Oferta anormal/desproporcionada	Total
1	Maxideza SL	56300,00	14,27	53,27	6	Sí	59,27
2	Fariña Maquinaria SL	64615,00	1,61	6,01	6	Non	12,01

Nesta licitación non concorren empresas vinculadas. Unha oferta presenta valores anormais ou desproporcionados.

A puntuación obtida pola empresa e a clasificación por orde de puntuación final é a seguinte:

Nº	Licitador	Oferta económica	Baixa (%)	Puntuación Oferta económica (max 80 pts)	Ampliación prazo garantía (máx 20 pts)	Oferta anormal/desproporcionada	Total
1	Maxideza SL	56300,00	14,27	53,27	6	Sí	59,27
2	Fariña Maquinaria SL	64615,00	1,61	6,01	6	Non	12,01

Trala comprobación de que as ofertas conteñen a sinatura dixital, de acordo co artigo 159.4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (en diante, LCSP), aplicable, de acordo co artigo 149 da LCSP propónse ao órgano de contratación requirir ao licitador, Maxideza, SL; que presentou oferta anormal ou desproporcionada para que achegue, no prazo de cinco días hábiles contados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación pertinente, a documentación que esixe o prego de cláusulas administrativas particulares. A documentación presentarase en formato dixital (PDF con firma electrónica) a través da sede electrónica do concello (<https://sede.aspontes.com/es>) ou da Plataforma de Contratación do Sector Público (<https://contrataciondelestado.es>).

Así mesmo, propónse remíteselle ao técnico municipal, redactor do prego de prescricións técnicas a documentación prevista no apartado 13 do modelo de proposición (documentación descriptiva acreditativa) para que emita informe técnico no que se verifique que a dita documentación cumpre coas esixencias do prego, de ser o caso.

O presidente remata a sesión pública de apertura das ofertas ás 09:20 horas, da que se estende esta acta que asinan a secretaria e o presidente da mesa, segundo establece o artigo 87.3 do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas.

As Pontes de García Rodríguez, 19 de setembro de 2023

A secretaria

O presidente